

ACTA

Expediente núm.	Órgano Colexiado
PLN/2024/18	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria:

Extraordinaria

Motivo: «Aprobar o proxecto do Orzamento municipal de 2025 antes de finalización do presente exercicio, en cumprimento dos prazos establecidos.»

Data:

26 de decembro de 2024

Duración:

Desde as 20:35 ata as 22:44

Lugar:

Salón de Plenos do Concello de A Estrada

Presidida por:

GONZALO LOUZAO DONO

Secretaria accidental (por Decreto da Alcaldía n.º 2024-2006):

GISELA REY BALTAR

ASISTENCIA Á SESIÓN

Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
	DIEGO PERNAS FERNÁNDEZ (Informático)	SÍ
	GISELA REY BALTAR (secretaria acctal.)	SÍ
	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
	JESSICA RODRÍGUEZ CALVIÑO	SÍ
	JOSE ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
	JOSÉ CONDE TRASANDE	SÍ
	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	NON
	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ



	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ
	MARIA ANGELES PAIS CARBIA	SÍ
	MARIA DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
	MARÍA BELÉN LÓPEZ PENA	SÍ
	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
	MANUEL MAGARIÑOS MACEIRAS	SÍ
	MARÍA CARMEN MORILLO RODRÍGUEZ (interventora)	SÍ
	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
	ROMÁN SUÁREZ PORTO	SÍ
	XOÁN REYES VILLAR	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria accidental a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

Expediente 8775/2024. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE APROBACIÓN DA ADHESIÓN Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEGAMP	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Feitos e fundamentos de dereito:

Visto que a Federación Galega de Municipios e Provincias (en adiante, FEGAMP) por acordo da Comisión Executiva, de data 21 de maio de 2024, aprobou a creación dunha Central de Contratación como un servizo especializado da Federación para os servizos postais e telegráficos necesarios no ámbito da FEGAMP e das súas entidades asociadas, así como os organismos autónomos e entes públicos dependentes deles, ao amparo do previsto nos artigos 227 e 228 da Lei de Contratos do Sector Público.

Visto que a entidade Concello da Estrada ten manifestado o seu interese na contratación centralizada do servizo postal e telegráfico e, polo tanto, está interesada en formalizar a adhesión á Central de Contratación creada pola FEGAMP.

Xa que logo, sendo de interese para esta entidade a utilización da Central de Contratación da FEGAMP, segundo as normas de réxime local,

Vista a proposta de resolución PR/2024/2596, emitida con data 19 de decembro de 2024 pola Alcaldía-Presidencia.

Visto o ditame acadado pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas, na sesión celebrada o 19/12/2024.





Deliberado sobre o particular, sométese a proposta a votación, sendo adoptado, por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

Resolución:

Primeiro.- Adherirse á Central de Contratación da FEGAMP, a fin de poder contratar os servizos postais e telegráficos que sexan contratados pola mesma.

Segundo.- Adherirse ao contrato centralizado de servizos postais e telegráficos celebrado por dita Central de Contratación durante o prazo establecido no mesmo, incluídas as prórrogas que eventualmente se acorden, comprometéndose a adquirir as subministracións ou os servizos postais e telegráficos que a Central de Contratación da FEGAMP vai adquirir, nos mesmos termos e condicións de adxudicación do contrato.

Terceiro.- Documento de reserva de crédito (RC por importe de 12.000,00 €), conforme á estimación de prezo do servizo para a entidade que se recolle nos pregos de cláusulas administrativas.

Cuarto.- Con relación á adhesión específica ao contrato centralizado de servizos postais e telegráficos, o Concello da Estrada obrígase a:

- Designar como persoa de contacto para manter as comunicacións que procedan coa Central de Contratación da FEGAMP, así como notificar calquera modificación que se produza naqueles a Enrique Prieto Porto, Director de Réxime Interno, con enderezo de correo electrónico reximeinterno@aestrada.gal, teléfono 986570030
- Proporcionar á Central de Contratación da FEGAMP toda a información e documentación lle sexa requirida en relación coa execución dos servizos contratados.
- Poner en coñecemento da Central de Contratación da FEGAMP as demoras nos prazos de entrega, defectos na prestación dos servizos ou calquera outro incumprimento total ou parcial relacionado co contrato, para a adopción das medidas oportunas.
- Realizar a recepción dos servizos e efectuar o seu pago nos termos contemplados no contrato.
- En relación á facturación, proporcionar os seguintes datos que sexan procedentes: relativos á oficina contable, órgano xestor e unidade tramitadora (código DIR L01360176).
- Comprometerse a actualizar calquera dato de contacto ou facturación en canto este se produza.

Quinto.- Facultar ao representante deste Concello para a formalización de cantos





documentos sexan precisos para a efectividade do presente Acordo.

Sexto.- A adhesión á Central de Contratación da FEGAMP surtirá efecto a partir do día seguinte á data de toma do presente Acordo e manterá a súa vixencia indefinidamente en tanto non se modifique, denuncie ou resolva por vontade dunha das partes.

Expediente 8038/2024. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS EN RELACIÓN COA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO GRUPO DO PSdeG-PSOE POLA QUE PROPÓN A AMPLIACIÓN DE PRAZOS E OUTRAS MEDIDAS PARA GARANTIR UN TEMPO MÍNIMO DE ESTUDO E REVISIÓN DOS ORZAMENTOS MUNICIPAIS.	
Desfavorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 6, En contra: 13, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Feitos e fundamentos de dereito:

Moción presentada con data 21/11/2024 (registro de entrada 2024-E-RCIF-2) polo grupo municipal do PsdeG-PSOE, que se transcribe literalmente de seguido:

“O orzamento municipal é un documento fundamental que reflicte as prioridades políticas, económicas e sociais dun goberno local, xa que a súa aprobación determina como se xestionarán os recursos públicos e que proxectos e servizos recibirán financiamento ao longo do ano. A importancia deste documento non só reside na planificación das partidas económicas, senón tamén no seu impacto directo sobre a calidade de vida dos veciños e das veciñas, en áreas como o investimento en infraestruturas, a política social, o fomento da cultura, o deporte e a mellora dos servizos públicos.

Por estas razóns, o debate orzamentario debe ser un proceso transparente, reflexivo e participado, onde todos os membros da Corporación Municipal, tanto do goberno como da oposición, teñan a oportunidade de analizar en profundidade as previsións de ingresos e gastos, así como de presentar propostas e emendas que poidan enriquecer o documento final. A oposición, como parte esencial do sistema democrático, cumpre unha función clave de control, fiscalización e proposta alternativa, co obxectivo de garantir que o orzamento sexa equilibrado, xusto e que responda ás necesidades reais da cidadanía.

Non obstante, nos últimos anos, no Concello da Estrada, observouse unha tendencia a presentar os orzamentos municipais con prazos moi axustados, sen tempo suficiente para que os grupos da oposición poidan revisar a documentación con rigor. Esta práctica non só compromete a capacidade da oposición para realizar o seu traballo de forma adecuada, senón que tamén limita o debate democrático e reduce a transparencia do proceso. O resultado é que, moitas veces, os orzamentos se debaten e aproban sen unha revisión crítica e fundamentada, o que pode dar lugar a erros ou a unha asignación de





recursos ineficiente.

Ademais, a complexidade técnica que adoitan ter os orzamentos municipais fai imprescindible que os concelleiros e as concelleiras, especialmente aqueles que non forman parte do goberno, dispoñan de tempo suficiente para estudar a documentación e, se fose necesario, contar co apoio técnico de expertos en áreas como a intervención, a tesourería ou a xestión de recursos municipais. Se a documentación orzamentaria é entregada con pouca antelación, esta revisión pormenorizada non pode realizarse, afectando á calidade do debate e á toma de decisións informadas.

A actual situación de inminente presentación dos orzamentos municipais para o ano 2025 fai que sexa urxente corrixir estas deficiencias e asegurar que a oposición dispoña de tempo suficiente para realizar o seu labor de control e fiscalización. Por iso, esta moción de urxencia busca establecer un marco claro e garantido de tempos e procedementos que permitan á oposición analizar e propoñer modificacións ao orzamento de forma eficiente e transparente.

É esencial para o benestar da veciñanza da Estrada que os orzamentos sexan obxecto dun estudo rigoroso, que permita mellorar as previsións iniciais e asegurar unha distribución xusta e eficiente dos recursos públicos. Só deste xeito poderase asegurar que o orzamento reflicte as verdadeiras necesidades da poboación e que a súa execución será beneficiosa para o conxunto da cidadanía.

Dende o Grupo Municipal Socialista consideramos que o tempo de estudo adecuado non só fortalece o debate democrático, senón que contribúe a unha mellor xestión dos recursos públicos, a unha maior transparencia e, en definitiva, a unha maior confianza por parte da veciñanza no seu Concello. Por iso, solicitamos a aprobación desta moción de urxencia que garanta a transparencia e a equidade no proceso de elaboración e aprobación dos orzamentos municipais.

ACORDOS:

- 1. Ampliación do prazo de entrega do proxecto de orzamentos. O Goberno Municipal deberá entregar o proxecto de orzamentos aos grupos da oposición cunha antelación mínima de 15 días hábiles antes da súa presentación na Comisión de Facenda para a súa posterior aprobación no Pleno, independentemente da urxencia da súa aprobación.*
- 2. Garantía de tempo para a presentación de emendas. Os grupos da oposición terán dereito a presentar emendas ou suxestións sobre o proxecto de orzamentos nun prazo de 10 días hábiles dende a data de recepción da documentación.*
- 3. Mecanismo de reunións técnicas. A solicitude de calquera grupo da oposición, o Goberno Municipal deberá convocar reunións cos responsables técnicos e económicos para aclarar calquera dúbida sobre o contido do orzamento, nun prazo de 5 días hábiles previos á votación en Pleno.*
- 4. Transparencia na tramitación. O incumprimento destes prazos será publicado e*





xustificado na web municipal, xunto coa documentación que acredite os motivos da urxencia e as medidas adoptadas para garantir o acceso á información.”

Visto o ditame dasfavorable adoptado pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas, en sesión celebrada o 19/12/2024.

Resolución:

Deliberado sobre o particular, sométese a moción a votación, sendo rexeitada polos votos a favor dos grupos do PSdeG-PSOE, BNG e Mixto (MOVETE), e en contra do grupo do PP.

Expediente 7649/2024. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DO ORZAMENTO PARA O EXERCICIO 2025	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 13, En contra: 6, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Feitos e fundamentos de dereito:

Confeccionado o proxecto de Orzamento do Concello de A Estrada para o exercicio 2025, comprensivo tanto dos estados de gastos e ingresos como da documentación complementaria á que fan referencia os artigos 165 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

Vista a Memoria da Alcaldía-Presidencia, asinada o 11/12/2024.

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 11/12/2024, aos efectos da emisión dos correspondentes informes de Intervención e Secretaría.

Visto o informe da Intervención municipal de data 11/12/2024.

Visto o informe emitido o 11/12/2024 pola Intervención municipal sobre o cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria.

Visto o anexo sobre medidas para a corrección do saneamento do Remanente de Tesourería negativo, asinado o 11/12/2024 pola sra interventora.

Visto o informe emitido con data 11/12/2024 pola Secretaría xeral.

Vista a proposta de resolución PR/2024/2481, emitida con data 11/12/2024 pola Alcaldía-Presidencia.

Visto o pronunciamento da Mesa Local de Comercio de 19/12/2024

Visto o pronunciamento do Consello Económico e Social de 19/12/2024

Visto o ditame acadado pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas, na





sesión celebrada o 19/12/2024.

Debatido sobre o particular, sométese a proposta a votación, sendo adoptado polos votos a favor do grupo do PP e en contra dos grupos do PSdeG-PSOE, BNG e Mixto (MOVETE), o seguinte **ACORDO**:

Resolución:

Aprobar o proxecto de Orzamento para o exercicio 2025, segundo estados de gastos e ingresos e documentación anexa, e cuxo resumen por capítulos é o que de seguido se indica:

ESTADO DE INGRESOS

	DENOMINACIÓN	IMPORTE
Capítulo 1	Impostos directos	5.028.000,00
Capítulo 2	Impostos inidirectos	600.000,00
Capítulo 3	Taxas e outros ingresos	2.828.538,00
Capítulo 4	Transferencias correntes	9.239.417,00
Capítulo 5	Ingresos patrimoniais	71.825,00
	TOTAL CORRENTES	17.767.780,00
Capítulo 6	Enaxenación inversións reais	18,00
Capítulo 7	Transferencias de capital	96,00
Capítulo 8	Activos financeiros	15.000,00
Capítulo 9	Pasivos financeiros	6,00
	TOTAL CAPITAL	15.120,00
	TOTAL INGRESOS	17.782.900,00

ESTADO DE GASTOS

	DENOMINACIÓN	IMPORTE
Capítulo 1	Gastos persoal	7.482.996,03
Capítulo 2	Compra bens correntes e servizos	7.987.113,75
Capítulo 3	Gastos financeiros	179.361,42
Capítulo 4	Transferencias correntes	910.780,00
	TOTAL CORRENTES	16.560.251,20
Capítulo 6	Inversións reais	403.299,00
Capítulo 7	Transferencias de capital	57.024,00
Capítulo 8	Activos financeiros	15.000,00
Capítulo 9	Pasivos financeiros	747.325,80

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



	TOTAL CAPITAL	1.222.648,80
	TOTAL GASTOS	17.782.900,00

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

Levántase a sesión sendo as vinte e dúas horas e corenta e catro minutos minutos do día do seu comezo.

De conformidade co establecido no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre los libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, incorpórase á presente acta o acceso ao arquivo audiovisual resultante da gravacións das intervencións na sesión co enlace, formando parte da mesma:

<https://aestrada-plenos.tiivii.com/2024/12/30/pleno-concello-de-a-estrada-26-de-diciembre-2024/>

Garántese a autenticidade e integridade do nomeado arquivo audiovisual co certificado correspondente incluído no expediente e que inclúe a marca dixital “hash”:

EB7CB9F9044850F6A05525EE4F526D16446E6A931AF63883F3F9D28248948604

Marca dixital xerada coa aplicación de firma electrónica Autofirma (desenvolvida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas).

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

